



Área / Unidada GESTION DE DEPORTES DJ1000 CTP	Documento 21118102P7	
Código de verificación  701E 1P6O 3K4J 194N 1BZG	Expediente 211/2024/432	
	Fecha 13-05-2024	

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE “CAMPAMENTOS DE VERÁN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2024 DIRIXIDOS ÁS PERSOAS EMPADROADAS NO CONCELLO DA CORUÑA”

### 1. OBXECTO:

A Deputación da Coruña, dentro da súa programación deportiva para o ano 2024, pon en marcha os campamentos de verán no IES Rosalía Mera para 500 nenos e nenas da provincia da Coruña. Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria pública para a participación nesta campaña dado que son designadas 27 prazas para os nenos e nenas empadroados no Concello da Coruña para que sexan tramitadas a través deste concello.

### 2. PROGRAMA E PREZO:

2.1. **LUGAR:** IES Rosalía Mera (Rúa Archer Milton Huntington, 24, A Coruña)

2.2. **QUENDA:** dende o 21/07/2024 ata o 26/07/2024. A entrada dos rapaces e rapazas será o domingo no IES Rosalía Mera, entre as 18.30 e 19.30 h e a saída o venres entre as 16.00 e as 17.00 h.

2.3. **PREZO:** OITENTA E CINCO EUROS (85,00 €)

2.4. **PERSOAS DESTINATARIAS:** rapazas e rapaces empadroadas/os na cidade da Coruña.

2.5. **IDADES:** con idades comprendidas entre os 9 e os 14 anos, ambas as dúas idades xa cumpridas (nados/as entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2015).

2.6. **PAZAS:** a Deputación da Coruña destina **VINTE E SETE (27) PRAZAS** ao Concello da Coruña.

2.7. As persoas participantes neste programa desfrutarán de 6 días con aloxamento determinado pola Deputación e manutención, así mesmo contarán con deportes náuticos, actividades ao aire libre, xornada na praia, actividades no centro, visitas culturais, deportivas e etnográficas.

2.8. A Deputación responsabilízase da maior parte dos gastos ocasionados polos cursos: transporte de todas as persoas participantes, dende o punto de recollida en cabeceiras de comarca, estancia, manutención, monitores/as, seguros e actividades varias.

2.9. As persoas participantes que resulten beneficiarias deberán aboar unha cota de inscrición e cumprir con todas as condicións impostas pola Deputación, de xeito especial coas publicadas na páxina web [www.dacoruna.gal/deportes/actividades](http://www.dacoruna.gal/deportes/actividades)

### 3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

3.1. **PREINSCRICIÓNS:** realizaranse dende a publicación ata o día 28 de maio de 2024 a través do formulario en liña que se colgará na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes). **Non se admitirán preinscricións por outros medios.**

3.1.1. Tendo en conta que os campamentos están dirixidos a menores de idade, serán os/as titores/as legais quen realice a solicitude, indicando a orde de preferencia das quedadas.



3.1.2. Cada menor só poderá constar nunha única solicitude (individual ou familiar). **No caso de rexistrar para unha mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, e anularanse de oficio, con esta, todas as feitas con anterioridade.**

3.1.3. **Solicitude familiar:** para colaborar na conciliación familiar, quen desexe optar á mesma quenda de campamento, deberán cubrir un único formulario de preinscrición no que reflectirán a todos/as os/as menores, coa condición de que sexan membros da mesma unidade familiar ou que demostren convivencia no mesmo domicilio. Neste sentido, no momento de formalizar a matrícula, deberán presentar o libro de familia ou xustificante de empadramento, segundo corresponda.

3.1.3.1. A solicitude familiar permite nun mesmo formulario a inscrición de ata 4 menores. No caso de superar esta cifra deberá facelo noutro formulario correlativo se desexan optar á mesma quenda.

3.1.3.2. No caso de que se presenten solicitudes-formularios diferentes, non se garante a asistencia á mesma quenda.

3.1.4. Aclárase que as persoas beneficiarias son as e os menores, por tanto **só poderán realizar a solicitude de preinscrición e a matrícula os/as titores legais que teñan a custodia**. No caso de custodia compartida, as persoas interesadas deberán porse de acordo previamente; no caso de non acadar acordo, deberán remitirse ao servizo de mediación de familia da Xunta de Galicia ou organismo competente, que será quen determine que custodio debe formalizar a solicitude e a matrícula.

3.2. **LISTAXE PROVISIONAL:** publicarase o día 29 de maio de 2024 a partir das 13.00 h

3.3. **CORRECCIÓN DE ERROS:** dende a publicación da listaxe provisional ata o día 2 de xuño de 2024. As alegacións presentaranse no seguinte enderezo electrónico: [programasdeportivos@coruna.gal](mailto:programasdeportivos@coruna.gal).

3.4. **LISTAXE DEFINITIVA:** publicarase o día 3 de xuño de 2024 a partir das 14.00 h e unha vez resoltas todas as correccións, nesta listaxe asignarase un número que será o que se empregará no suposto de que haxa máis solicitudes que prazas ofertadas.

3.4.1. A asignación do número farase preferentemente por orde de entrada da solicitude.

3.4.2. No caso de solapamento de orde de entrada ou da admisión de emenda de erros, asignarase correlativamente o primeiro número libre.

3.5. **SORTEO** No suposto de que existan máis solicitudes que prazas, para establecer a orde de adjudicación de prazas realizarase un sorteo público do número asignado, o día 4 de xuño de 2024, ás 10.00 h nas oficinas municipais do Palacio dos Deportes de Riazor (rúa Manuel Murguía s/n).

3.5.1. O sorteo realizarase dende a páxina <https://echaloasuerte.com> ou polo procedemento de insaculación.

3.6. **ORDE DE PREFERENCIA:** para a adjudicación das prazas nos supostos en que o número de prazas solicitadas sexa maior que a de ofertadas, para a orde de preferencia terase en conta:

a) Persoas que non participasen en anteriores Campamentos Deportivos de Verán e que estean empadroadas no Concello da cidade da Coruña.

b) A partir do número resultante no sorteo asignaranse 27 prazas.



c) No caso de non se cubriren as prazas, aténdense as solicitudes da listaxe de agarda, atendendo ao número de sorteo e o empadramento.

d) Todas as persoas solicitantes que non obtivesen praza pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

**3.7. LISTAXE DEFINITIVA:** publicarase o día 4 de xuño de 2024 a partir das 15.00 h.

**4. MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓN:** do 5 ao 9 de xuño de 2024, ambos os dous incluídos, a través do correo electrónico [programasdeportivos@coruna.gal](mailto:programasdeportivos@coruna.gal) deberase formalizar a matrícula, segundo as normas e documentación solicitada pola Deputación da Coruña.

**4.1.** En caso de non presentar a matrícula entenderase que se renuncia á praza, e adjudicarase as prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda.

**4.2.** Será necesario chegar, cando menos, a seguinte documentación, e/ou aquela que sexa requirida pola Deputación da Coruña:

1. Ficha de inscrición da Deputación da Coruña.
2. Fotocopia do libro de familia ou carné de identidade, do documento de asistencia sanitaria.
3. Xustificante de pago da cota (unha vez adjudicadas as prazas, informarse da conta onde se realizará o ingreso, no que se fará constar "CAMPAMENTOS DE VERÁN 2024 - DEPUTACIÓN DA CORUÑA" - CONCELLO DA CORUÑA e NOME da nena/o)
4. No caso de tratamento específico ou doenza que sexa necesario ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. É importante facer constar as alerxias alimenticias ou de calquera outro tipo.

**5. OUTRAS DISPOSICIÓN:**

**5.1. Aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado:** a formalización da matrícula e, se é o caso, da solicitude de preinscrición supón a aceptación das normas desta convocatoria.

**5.2.** As persoas participantes débense comprometerse co cumprimento das bases reguladoras da convocatoria e unha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser presentado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

**5.3.** Coa formalización da matrícula a persoa solicitante e, se é o caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela e dispoña da devandita capacidade xurídica, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso do que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución das taxas aboadas.

**5.4.** Coa presentación da solicitude e, se é o caso, a formalización da matrícula, entenderase que a persoa solicitante e, de ser o caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM.

**5.5.** Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.

**5.6.** A convocatoria, as listaxes de solicitantes, as listaxes definitivas e o uso de instalacións publicarase no taboleiro de edictos do Concello da Coruña, na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e nos taboleiros de anuncios dos centros deportivos. Ademais, poderase obter información no teléfono 010 de atención á cidadanía.



- 5.7. Todas as datas que se indican nestas bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto nalgunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre e cando se respecten os prazos previstos para cada trámite e logo da publicación previa na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).
- 5.8. Se fose necesario comunicárase a ampliación de lugar, datas e horarios de matrículas para posibles incidencias. Será comunicado na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).
- 5.9. Os/as participantes e, de ser o caso, quen ostente a súa garda e custodia ou a súa tutela, coa formalización da matrícula declara responsablemente que se realizou o oportuno recoñecemento médico e non padece ningunha enfermidade que o/a incapacite para practicar actividades deportivas.
- 5.10. Toda a información relativa a esta convocatoria poderá consultarse na páxina web municipal, [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes), nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais e no teléfono de información cidadá 010.
- 5.11. O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.
- 5.12. Os datos serán tratados pola Deputación da Coruña con enderezo na avenida Porto da Coruña, 2, 15003, A Coruña, para xestionar a solicitude e o desenvolvemento da actividade. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais é o consentimento explícito que a persoa asinante lle outorga á Deputación Provincial coa súa sinatura e o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Os datos serán tratados pola empresa adjudicataria da prestación dos servizos de organización, coordinación e realización do campamento deportivo da Deputación Provincial da Coruña, ao través do encargado do tratamento.
- Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Así mesmo, poderán ser comunicados aos servizos sanitarios e á empresa aseguradora no caso de que o/a menor sufra algún accidente. A Deputación conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.
- 5.13. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Se consideran que o presente tratamento incumpre o establecido no RXP, poden presentar unha reclamación ante a AEPD. Para calquera outra dúbida relacionada coa protección de datos, as persoas interesadas poden dirixir un correo a [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal)

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A xefa de departamento de Deportes

María del Carmen Tapia Porto

Conforme

O xefe de servizo de Deportes

Pablo Castedo López